

A peor oferta de prazas de ingreso das últimas sete convocatorias das oposicións docentes

INFORMACIÓN A TER EN CONTA

Prazo de matrícula: descoñecido, publicarase a orde a finais de febreiro.

Sorteo dos tribunais: 13 de abril

Comezo das probas: o acto de presentación e a celebración da primeira proba serán o 20 de xuño e prevén ter rematado todo o proceso o 19 de xullo.

Orde de actuación: comezará polo persoal aspirante cuxo apelido comece pola letra M

IMPORTANTE: o persoal co posto consolidado non terá obriga de presentarse ao proceso selectivo para manter os seus dereitos de permanencia nas listas de substitución.

PRAZAS DE INGRESO NAS OPOSICIÓNS DOCENTES



A cifra total de prazas vinculadas coa taxa de reposición (xubilacións, defuncións, excedencias, traslados fora de Galiza) é de **1251**, á que se engaden 193 de promoción interna. Debido a que o número de prazas cubertas da quenda de reserva para persoas con discapacidade no proceso selectivo do 2025

Tomando os datos das últimas sete convocatorias de oposicións, e sen ter en conta os procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (o concurso de méritos de 2022 e as oposicións de 2023) este ano é a convocatoria con menos prazas de ingreso libre dos últimos anos.

non chegou ao 3% do total, é necesario acumular ao 7% das prazas deste ano reservadas a esa quenda, outras 71 prazas do ano anterior para chegar deste xeito ao máximo do 12% de reserva da quenda de discapacidade.

Tamén se engaden 86 prazas quenda de reserva para persoas con discapacidade para dar cumprimento a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

É dicir, un total de 1601 prazas, das cales 1388 son libres e 213 de cambio de corpo.

Se ben é certo que a cifra total de prazas vinculadas coa taxa de reposición é unha cantidade que non se pode superar pola imposición dunha normativa estatal que os diferentes gobernos españois levan aplicando no ámbito educativo desde 2021 e que a CIG-Ensino leva denunciando como principal problema á hora de impedir estabilizar emprego temporal, podíase ampliar o número de prazas igualmente, xa que aínda non se recuperaron as 1279 prazas que se podían ter ofertado no 2022 e non se fixo (nese ano tiveron lugar os procesos de extraordinarios de estabilización), e daquela a Consellaría negouse a publicar unha OPE con esas prazas e acumulalas as do 2023 como lle demandou a CIG-Ensino.

Tamén hai que ter en conta a cantidade de prazas desertas que ano tras ano quedan, sendo a convocatoria de 2025 a que deu uns números máis altos: 33% do total das prazas quedaron sen cubrir. Mesmo tendo en consideración unicamente as prazas ofertadas para a quenda libre, as porcentaxes de prazas desertas acadan a cota récord do 14% do total, superando as porcentaxes dos últimos procesos (12%, 7% e 11% en 2024, 2022 e 2020 respectivamente).

Esixímoslle á Consellaría que nos proporcione os datos completos, é dicir, a cifra de prazas ligadas á taxa de reposición diferenciando as xubilacións, as defuncións, excedencias ou traslados así como que nos explique os

criterios cos que decide convocar unhas especialidades si e outras non no caso de secundaria.

Non especificaron os criterios para convocar unhas especialidades si e outras non, pero si deron os datos segregados: 1089 xubilacións, 30 excedencias con perda de destino, 18 falecementos e 35 docentes que marcharon de comunidade. Hai que restar 119 docentes que entraron na comunidade despois do cxt estatal do ano pasado, e 10 solicitudes de reingreso.

Chama a atención por exemplo que non se convoque Grego, da que se abriron listas recentemente até sen pedir o mestrado. Se se fai por ir intercalando, como se dixo o curso pasado, non ten sentido xa que das últimas catro convocatorias tres foron de Latín e unha de Grego, e o número de prazas moi distinto, 43 de Latín fronte a 5 de Grego.

Convocatoria de prazas libres e de cambio de corpo para EOI ou Ensinanzas Artísticas

Resulta especialmente sorprendente que, malia as dificultades para cubrir substitucións en determinadas especialidades (como Portugués e Galego), non se convoquen prazas. É o **segundo ano consecutivo sen oferta nestas ensinanzas**, cando existen necesidades reais de persoal, tanto fixo como temporal.

Por iso, solicitamos que se inclúa convocatoria de prazas para estas especialidades, tanto por ingreso libre como por cambio de corpo.

No caso de Ensinanzas Artísticas, o curso pasado argumentouse que non se convocaban prazas destes corpos xa que se quería agardar ao desenvolvemento da Lei de

ensinanzas artísticas, pero debe terse en conta que moitas prazas deberían saír xa para cumprir coa Lei 20/2021. Non ten sentido agardar por dita lei no que se refire as ensinanzas profesionais.

Incumprimento da Lei Paz-Andrade

A oferta de prazas de Portugués no corpo de PES incide un ano máis na falta de impulso a esta materia. De seguir esta evolución nunca se chegará ao obxectivo lóxico da lei: estender a oferta da materia de Portugués a todos os centros.

Cuestións xerais do proceso selectivo

Este non é o noso modelo. Como é sabido este sistema de oposicións non conta co apoio do sindicato maioritario. Á espera do que poidan dar de si as negociacións para un cambio do sistema de ingreso na función docente hai cuestións que consideramos que convén salientar:

- 🗣 Exames non eliminatorios. Cando se negociou na Mesa estatal a modificación do RD para os procesos extraordinarios xa avanzamos que o sistema ordinario debería ser con exames non eliminatorios. No 2023 demostrouse que se pode facer perfectamente.
- 🗣 Anonimato na primeira parte da oposición en todas as especialidades e probas que sexa posíbel. Volver ao sistema de sobrepechado e anonimato anterior para garantir a transparencia do procedemento e unha corrección máis sosegada que na lectura pública.
- 🗣 Por un verdadeiro concurso oposición. Na inmensa maioría das especialidades non se está respectando o espírito da lei: non se chega á fase de concurso porque xa non se aproba na fase de oposición a máis

opositores que prazas; en moitas a criba prodúcese mesmo na primeira fase.

Negámonos a crer que non existan máis aspirantes con capacidade para aprobar, cando en moitos casos demostran como profesorado en activo a súa competencia profesional.

- 🗣 Competencia en lingua galega. Esta cuestión só depende da Xunta. Solicitamos, previa modificación da Lei de Emprego Público de Galiza, a recuperación da realización dunha proba en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua.

Tribunais

- 🗣 Reducir o número de aspirantes por tribunal.
- 🗣 Elección das presidencias por sorteo.
- 🗣 Se hai que nomear membros dos tribunais doutras especialidades deben figurar expresamente na convocatoria cales son as que son susceptibles de entrar no sorteo.
- 🗣 A publicación de enunciados, solucións e patróns de corrección non pode facerse despois da listaxe de persoas que superan o proceso, porque xera suspicacias. Por transparencia, as rúbricas de corrección deberían publicarse o mesmo día ou, como máximo, ao día seguinte das probas. O ano pasado houbo tribunais que a mediados de agosto aínda non as publicaran.
- 🗣 Debe garantirse que todo o tribunal estea informado e participe na resposta a reclamacións e recursos. Cada ano recibimos queixas de membros que se decatan por vías externas de que houbo reclamacións e non son convocados a

reunións para elaborar unha resposta conxunta. Se o servizo xurídico só contacta coa presidencia designada pola Consellaría, aumenta a desconfianza. Ademais, debe existir sempre resposta. Hai que garantir a máxima transparencia e garantías nunhas oposicións. Todo pasa evidentemente por unha redución considerábel da ratio de opositoras e da redución da carga burocrática.

- 🗣 Os criterios de avaliación deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. A obriga de dar publicidade e as condicións destes criterios deben vir fixadas na convocatoria para que non quede da man de cada tribunal. Deben coñecerse con moita antelación á realización das probas.
- 🗣 Ampliar as suplencias para un dos proxenitores que teñan un fillo ou filla menor de tres anos así como quen teña familiares dependentes de primeiro grao ao seu cargo ou familiar incapacitado xudicialmente para o que teña sido nomeado titor legal. En todo caso, garantir a suplencia en caso de familia monoparental.
- 🗣 Propomos que se poida autorizar a suplencia a algún membro dun equipo directivo se 2 ou máis membros deste teñen que formar parte de tribunais. Hai que garantir que cando menos 2 membros da dirección estean no centro.
- 🗣 Garantir a paridade nas especialidades moi masculinizadas para que non volva haber problemas coma os acontecidos na especialidade de Soldadura hai dous anos. Na convocatoria só se especifica que nas especialidades con maioría de mulleres se

manterá esa porcentaxe na composición dos tribunais pero non se indica nada no caso das masculinizadas polo que aténdose á convocatoria hai que garantir esa paridade.

Méritos

- 🗣 A baremación debe facela unha comisión técnica, non os tribunais. Aproveitando que se reducirá notablemente o número de persoas presentadas, é o momento de dixitalizar e informatizar o baremo para que en futuras convocatorias cada aspirante só teña que engadir os novos méritos. Por transparencia, a publicación do baremo non se debería facer pública nin ser coñecida polo tribunal até que remate a fase de oposición.
- 🗣 Eximir da obriga de presentar documentación que xa obre en poder da Consellaría a todas aquelas persoas que xa foron baremadas en procesos selectivos anteriores. A Consellaría quedou de facer unha adaptación da aplicación informática e non o fixo. Chama a atención que deran algún paso adiante como que o persoal opositor non teña que acreditar documentalmente os méritos relacionados coa formación recibida e impartida e a experiencia docente que xa conste no seu expediente electrónico, mais non se atreven a facer o camiño completo e aceptar a proposta da CIG-Ensino.

Desenvolvemento do proceso selectivo

- 🗣 Aumentar o prazo de citación das aspirantes a 48 horas.
- 🗣 As probas prácticas deben ser o máis concretas posíbeis e axustadas á realidade do que se imparte nas aulas. As oposicións

deben centrarse en valorar futuros docentes e, por tanto, facer fronte a casos prácticos cos que se van atopar no día a día. Hai que ter un especial coidado con non incluír na parte práctica contidos que figuran nos temarios mais están totalmente desfasados así como incorporar contidos que non están nos temarios.

- 🗣️ Mesmas probas na mesma especialidade. Todos os aspirantes da mesma especialidade realizan as mesmas probas dentro do seu tribunal. Aínda que isto garante igualdade de condicións dentro de cada tribunal, consideramos que o ideal sería que o exame fose o mesmo para todos os tribunais da especialidade.
- 🗣️ A utilización de material auxiliar na segunda proba ten que ser o máis concreta posíbel para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material “sempre que o autorice o tribunal”. Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación.
- 🗣️ As notas de cada unha das partes das probas deben ser públicas no propio día da corrección ou defensa da proba.

Baremo

Sistema xeral

- 🗣️ Non puntuar o C1 de Galego é unha inxustiza: aquelas persoas que xustifiquen o requisito do coñecemento do idioma propio do país por outra vía diferente á convalidación do CELGA non se deberían ver privadas da puntuación do C1.
- 🗣️ Seguimos considerando unha incongruencia que haxa un tope de puntuación para doutoramento, premio

extraordinario ou máster cando noutras titulacións (idiomas, titulacións de primeiro ciclo, réxime especial) poden puntuar varias do mesmo tipo.

- 🗣️ Lamentamos a interpretación da sentenza que impide que se puntúe o tempo traballado nunha EOI se a persoa proviña dunha lista de PES e mesmo tivo obriga de coller a praza. Demandamos que se busque unha solución e se trate o tema co Ministerio.

Promoción interna

- 🗣️ Non estamos de acordo coa puntuación do traballo como xefe de servizo ou cargo similar na administración (1.2.d) nin coa puntuación na inspección (1.2.a). A puntuación da dirección non debe ser superior á valoración do resto das funcións docentes (titoría, departamento).
- 🗣️ No que respecta á formación, solicitamos que a puntuación sexa como no sistema de ingreso e puntúen os cursos inferiores a 30 horas.

Cuestións específicas relacionadas coa FP

- 🗣️ A falta de regulación autonómica da Formación Profesional pode xerar moitos problemas á hora de avaliar as PD e UD desta etapa. En primeiro lugar este curso as programacións didácticas en Proens tiveron que realizarse polo currículo dos RD estatais dos títulos, non polos Decretos galegos, que teñen diferenzas en canto a Resultados de Aprendizaxe, Criterios de Avaliación e Unidades Formativas. Na convocatoria aparece o seguinte ao respecto dos currículos, o que é totalmente confuso porque os vixentes (a falta da adaptación dos galegos) son os estatais pero os

publicados no DOG son os galegos: No caso das especialidades específicas de formación profesional, os publicados no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación desta orde ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma.

🗣️ A aplicación Proens sufriu cambios até 6 veces no que vai de curso para engadir funcionalidades que se axustaran a programar na Formación Profesional. Na convocatoria establécese que serán válidas programacións elaboradas en base ao anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 ou en base a Proens, pero son contraditorias, por exemplo no que ten a ver cos mínimos esixíbeis que son un contido obrigatorio na primeira e desaparecen na segunda. O contido das UD tamén é diferente nos dous modelos, moito menos detallado en Proens.

🗣️ Outra cuestión froito da falta de negociación e do desleixo da Dirección Xeral de FP co seu profesorado é que pasa coa programación de empresa dos módulos de segundo curso? As programacións das oposicións teñen que incorporar ou non os RAs que se van adquirir na empresa, tal e como indica a normativa estatal? Isto todo acontece pola alerxia negociadora que ten esta Consellaría coa representación do profesorado. En novembro de 2025 a CIG-Ensino solicitou unha Mesa Sectorial específica sobre FP na que alertaba destes problemas de cara ás oposicións e, como non se produciu, agora atopámonos con estes problemas.

🗣️ Pode haber moitas reclamacións se non se deixan clarificadas na convocatoria este tipo de cuestións. O Anexo VII da rúbrica de

corrección incluído na convocatoria de oposicións non sufriu ningunha adaptación este ano e está totalmente dirixido a programar cos currículos galegos, pola Orde de 2011 e sen ningunha referencia á programación de empresa, é dicir, totalmente desvinculado da práctica real docente deste curso. Dada a improvisación da administración deberían ser válidas os dous tipos de programacións (Orde 2011 e PROENS) pero para iso hai que modificar este Anexo.

🗣️ Propoñemos que se engadan os dous módulos optativos autonómicos entre os que non se poden realizar as programacións: Habilidades comunicativas en lingua estranxeira e Afondamento nas competencias profesionais dado que non existe currículo oficial e mesmo é dubidoso que se axusten ao RD 659/2023.

🗣️ Tamén debe quedar claro se o persoal opositor de PES de Secundaria de Inglés pode realizar a programación didáctica do módulo Inglés Profesional.

[A Consellaría presentou na mesa sectorial unha modificación do Anexo VII da rúbrica para a segunda proba da fase de oposición para as especialidades que imparten en FP.](#)

Fase de prácticas

🗣️ Temos detectado que na provincia de Ourense este curso ao persoal en prácticas que ten media xornada se lle ampliou de oficio a duración das mesmas. Isto non está previsto na normativa nin foi posto en coñecemento das organizacións sindicais. Pedimos que non se aplique esta restrición e que todas as comisións cualificadoras provinciais actúen cos mesmos criterios.

Outras cuestión propostas pola CIG-Ensino

17.4. Orde de relación.

Engadir despois de recurso de alzada “no prazo de un mes a contar desde a súa publicación na web da Consellaría” xa que non se especifica prazo. .

3.2.1. e) Documentación complementaria.

As vítimas de violencia de xénero deberían ter a mesma bonificación das taxas que as de violencia terrorista.

Novidades no texto da convocatoria

- 🗨 No caso de non posuír o título do mestrado do profesorado, poderase presentar o certificado de ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición.
- 🗨 Desaparece o apartado Obriga de participación.
- 🗨 Engádese un novo motivo de suplencia nos tribunais: participar na modalidade 2 do PIALE.

Prazas

Especialidade	Prazas
Educación Infantil	80
Lingua estranxeira: Inglés	45
Lingua estranxeira: Francés	35
Educación Física	25
Música	30
Pedagogía Terapéutica	95
Audición e Linguaxe	41
Educación Primaria	125

Especialidade	Prazas
Filosofía	25
Latín	28
Lingua castelá e literatura	35
Xeografía e historia	35
Matemáticas	50
Física e química	30
Bioloxía e xeoloxía	25
Debuxo	30
Francés	15
Inglés	147
Portugués	5
Música	15
Educación física	20
Orientación educativa	15
Tecnoloxía	15
Lingua e literatura galega	80
Economía	20

Especialidade	PSSFP	Prazas
Cociña e pastelería		12
Estética		7
Fabricación e instalación de carpintería e moble		7
Mantemento de vehículos		20
Soldadura		14

A2 -> A1			
Especialidade	Prazas	Especialidade	Prazas
Filosofía	6	Economía	5
Latín	7	Administración de empresas	5
Lingua castelá e literatura	9	Construcións civís e edificacións	2
Xeografía e historia	9	Formación e orientación laboral	8
Matemáticas	14	Informática	7
Física e química	7	Organización e xestión comercial	4
Bioloxía e xeoloxía	6	Organización e proxectos de fabricación mecánica	4
Debuxo	7	Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	3
Francés	4	Procedementos sanitarios e asistenciais	5
Inglés	37	Procesos comerciais	5
Portugués	1	Procesos de xestión administrativa	8
Música	4	Sistemas e aplicacións informáticas	10
Educación física	5	Equipos electrónicos	5
Orientación educativa	4		
Tecnoloxía	4		
Lingua e literatura galega	18		

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal